

# A proxección do galego en Madrid desde a Complutense (curso 2013-2014)


**Carmen MEJÍA RUIZ**  
**Ricardo PICHEL GOTÉRREZ**

Universidad Complutense de Madrid  
Centro de Estudos Galegos

emejiaru@ucm.es  
ripichel@ucm.es

Do mesmo xeito que nos anos anteriores, ao longo do curso 2013-2014 o Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid, dirixido por Carmen Mejía Ruiz, realizou múltiples actividades a prol da difusión da cultura, da lingua e da literatura galega en Madrid.

No marco da cuarta edición da “Semana Complutense de las Letras” (22-25 de abril), tivemos ocasión de celebrar con diferentes actos a figura homenaxeada para o Día das Letras Galegas de 2014, o escritor e tradutor chairego Xosé María Díaz Castro. Comezamos a celebración o 22 de abril, coa visita do escritor, tamén guitiricense, Xosé Antón Cascudo, que nos presentou na Biblioteca María Zambrano da UCM o fermoso e diáfano documental *O instante eterno*, sobre o percorrido vital e literario do



poeta de *Nimbos*. Como puidemos comprobar no filme, e despois tamén no coloquio co seu creador, *O instante eterno* artéllase en cinco actos, correspondentes os catro primeiros coas estacións da vida do poeta, xunto cun epílogo sobre a súa pegada estética. Xosé Antón Cascudo parte de dous elementos básicos, como son a lingua e

a paisaxe da infancia, para conformar un relato enfiado a través dun conxunto de entrevistas e conversas cos amigos e especialistas na obra de Díaz Castro, alén da súa necesaria contextualización a partir dos lugares que marcaron a existencia do poeta: Mondoñedo, Vilagarcía de Arousa, Betanzos, Madrid, Guitiriz e Vilariño, a súa aldea natal, hoxe abandonada. Após o coloquio con Xosé Antón Cascudo, e antes dunha petiscada ben merecida e saborosa, gozamos dun recital poético multilingüe co alumnado da Complutense, entre eles o de galego, no que lembramos algunhas das pezas máis recoñecidas de Xosé María Díaz Castro, alén doutros poemas galegos, lidos en diferentes idiomas. Abriu a profesora Carmen Mejía, coa lectura do poema homónimo de *Nimbos* (“Si é que o poema é só un nimbo de lus/ que os ollos cegos pñenlles ás cousas/ soñadas, ou amadas nas tebras/ (...) eu deixo equí nimbos, coma cinza/ de rosas que onte encheron de perfume/ o mundo, morto xove, dalgún sono”), e continuaron algúns dos alumnos de galego recitando “Coma un río”, “Noite do mundo”, “Coma brasas” e “Penélope”. A seguir lemos traducións en alemán dalgúns poemas de Luz Pozo Garza (“A pureza da boca”) e Méndez Ferrín (“En Compostela”); Rosalía de Castro en catalán, francés, portugués e ruso (“Negra sombra”, “O cravo” e dous poemas de *En las orillas del Sar*), María do Cebreiro en español (“Amor e tacto”), Celso Emilio Ferreiro en euskera (“Deitado fronte ao mar”), Ramiro Fonte en italiano (“Xardín de San Carlos”) e, finalmente, Victoria Veiguela en romanés (“Eu cántolle”).



Presentación do documental *O instante eterno*



*Nimbos*, Xosé María Díaz Castro (Alicia Blanco)



Rosalía de Castro, en ruso (Maria Sokolova)




Ramiro Fonte, en francés (María Curros)



Victoria Veiguela, en romanés (Alisa)



Luz Pozo Garza, en alemán (Alicia Romero)



Celso Emilio Ferreiro, en euskera (Xabier Erdozain)



Ricardo Pichel, Carmen Mejía e Xosé Antón Cascado

Nesa mesma semana, o 25 de abril, celebramos un coloquio na Biblioteca Histórica Marqués de Valdecilla coa escritora Ana Acuña Trabazo, profesora da Universidade de Vigo, quen nos presentou o seu libro *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950-2000)*, publicado por Xerais (2014) na súa colección Memoria. Trátase dunha obra que aborda, en palabras da autora, a “historia vivida” da literatura galega en Madrid, ao tempo que reconstrúe o percorrido vital e cultural dos grupos de *madrigalegos* que conformaron unha conciencia (político)-lingüística e un discurso literario galegos en Madrid nos últimos cincuenta anos do século pasado.

Canto á propia vinculación coa realidade analizada na súa obra, a autora confesa no seu prólogo que “as cidades quizais non só escollen as persoas senón tamén as vidas, e a miña non sería a que hoxe é de non vivir o mundo cultural galego e convivir coa lingua e a literatura galegas en Madrid”. No coloquio participaron, alén da propia autora, os escritores Vicente Araguas, Fermín Bouza e Antón Patiño, e a profesora Carmen Mejía. Na segunda parte do acto, presentamos o volume 16 (2013) da revista *Madrygal*, coas intervencións de Eugenia Popeanga, Carmen Mejía, Ricardo Pichel, M<sup>a</sup> Victoria Navas, Juan M. Ribera e os escritores Vicente Araguas e Manuel Pereira.



Ana Acuña, Antón Patiño, Vicente Araguas e Fermín Bouza

Con certeza, as actividades do Centro de Estudos Galegos de Madrid non se limitaron á celebración do día das Letras Galegas, senón que se prolongaron durante todo o curso. Entre outras actividades organizadas polo CEG, queremos salientar, en primeiro lugar, a presentación do libro *Obra Reunida (1994-2008)*, publicada por Amargord Ediciones (Colección Fragmentaria), da poeta valdoviñesa Verónica Martínez Delgado, integrante do Grupo Bilbao, que tivo lugar o pasado 29 de novembro de 2013 na Biblioteca Histórica Marqués de Valdecilla da UCM. Neste mesmo volume de *Madrygal* ofrécese unha recensión da súa obra, na que se recolle, como o propio nome indica, a produción poética de Verónica Martínez nun período de catorce anos, desde *Había tantos tantos homes lilas* (1994) até *Cartapedra* (2008). Na presentación do libro interviron, alén da propia autora, os escritores Luis Luna, prologuista do libro, e Xavier Frías.



Luis Luna, Verónica Martínez e Xavier Frías

A comezos de ano recibimos a Montse Pena Presas, profesora do Dpto. de Didáctica da Lingua e das Ciencias Sociais da Universidade de Santiago de Compostela, crítica literaria e secretaria de Gáliz, coa que celebramos un coloquio o 15 de xaneiro na Casa de Galicia titulado “Soñar para nenas e mozos en galego. Os libros que marcaron o camiño”. Foi un relatorio ben interesante no que asistimos ao percurso polas diferentes etapas que atravesou a literatura infantil e xuvenil galega, e no que lembramos as obras de Neira Vilas, Carlos Casares, Xohana Torres, Manuel María, María Xosé Queizán, Paco Martín, Agustín Fernández Paz, Fina

Casalderrey, Xabier P. Docampo, Marilar Aleixandre, Xosé Ballesteros e Xerardo Quintiá, coas que a literatura infanto-xuvenil galega, nacida ao abeiro do esino, colleu forza e comezou a voar por si mesma. Presentaron o acto Ramón Jiménez Pérez, coordinador das actividades culturais na Casa de Galicia, e Ricardo Pichel.



Montse Pena Presas e Ramón Jiménez Pérez

A nosa convidada tamén se achegou ao Espazo das Linguas Ibéricas, na propia Casa de Galicia, onde tivo un encontro co alumnado de galego arredor da figura de Roberto Vidal Bolaño, aproveitando a súa recente publicación *Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño* (Galaxia, 2013), tamén reseñada neste volume de *Madrygal*.

Pola súa parte, o 26 de marzo tivemos o pracer de presentar en Madrid, na Universidade Complutense, a segunda edición de *O galego é una oportunidade / El gallego es una oportunidad* (Através Editora 2012, Colección Através da lingua, nº 6), coa presenza dos seus autores,

José Ramom Pichel, director da Área de Enxeñaría Lingüística da empresa imaxin|software, e Valentim Fagim, profesor de portugués da EOI de Santiago de Compostela e vice-presidente da AGAL. Para alén dos autores, contamos tamén coa presenza de Juan Carlos Moreno Cabrera, catedrático da Universidade Autónoma de Madrid, quen abriu o acto. O coloquio xirou arredor do uso normalizado do galego e do seu recoñecemento como lingua universal, extensa e útil, dentro e fóra das nosas fronteiras.



Juan Carlos Moreno Cabrera, Valentim Fagim,  
José Ramom Pichel e Ricardo Pichel

O curso 2013-2014 deu para participarmos activamente nalgúns outras iniciativas a prol da lingua e cultura galegas en Madrid, como o Roteiro Rosaliano no serán do 25 de febreiro desde a Rúa Ballesta até a Igrexa de San Ildefonso, coordinado por Vicente Araguas, Manuel Pereira e Luz Pichel, no que relembramos, máis unha vez, o percurso madrileño da nosa poeta máis internacional con motivo da celebración do Día de Rosalía; ou a homenaxe ao escritor e editor Sabino Torres Ferrer, organizada polos poetas Manuel Pereira Valcárcel e Rafael Yáñez Jato, e celebrada na Casa de Galicia o 18 de febreiro. Precisamente, nun artigo incluído neste mesmo volume de *Madrygal* a profesora Carmen Mejía Ruiz fai referencia a esta homenaxe e ao labor editorial de Sabino Torres coas coleccións *Benito Soto* e *Hipocampo Amigo*.

Por último, malia estarmos na altura destas liñas aínda en plena organización, comprácenos anunciar a celebración das Xornadas Internacionais UCM-UNED 2014 “Literatura galega: identidade, alteridade e exilio”, que terán lugar nos días 18, 19 e 20 de setembro deste ano en

Madrid. Trátase dunha iniciativa partillada entre a Universidade Complutense (dir. Carmen Mejía Ruiz) e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (dir. Xavier Frías Conde), que está a ter moi boa acollida dentro e fóra de Galicia. As Xornadas Internacionais UCM-UNED 2014 pretenden facer unha posta en común das liñas de investigación que se están a desenvolver nos Centros Galegos das universidades do mundo e noutras institucións, nomeadamente no ámbito da literatura galega fóra de Galicia e do estudo da identidade, a alteridade e o exilio. Procúrase, por outra parte, favorecer o contacto entre profesores, investigadores e estudantes interesados no coñecemento e no estudo da literatura galega, así como fomentar o intercambio científico entre os relatores e os asistentes. Alén disto, con estas Xornadas quérese abrir e estimular o diálogo entre as distintas xeracións pertencentes á colectividade galega. Os ámbitos temáticos e liñas de estudo priorizados nas Xornadas son a literatura galega no exterior, as novas investigacións no ámbito da literatura galega (do medieval ao moderno), as literaturas peninsulares comparadas, a literatura galega na súa relación coas artes e, finalmente, a literatura galega e a(s) identidade(s). Felizmente, o interese polas Xornadas está a ser moi alto, visto o case centenar de propostas de comunicación recibidas para participar nas sesións programadas: dez paneis temáticos nos que os palestrantes falarán, entre outras cuestións, da identidade feminina na literatura, a literatura galega feita desde fóra de Galicia (con especial interese nos escritores do Grupo Bilbao), a identidade no exilio, a actividade editorial dentro e fóra de Galicia, a pegada galega nas revistas hispanoamericanas, a literatura galega, comparada ou non, dos últimos tres séculos (textos, autores, xéneros, poéticas...), a lingua e literatura galega en época medieval, a vinculación da literatura coas artes en xeral e, en particular, co teatro, o cine, a fotografía ou a música; diferentes aspectos de tradución e sociolingüística, etc. Un amplo abano de temas e perspectivas que, sen dúbida, farán deste encontro unha excelente oportunidade para o intercambio de coñecementos e a promoción do galego alén das fronteiras territoriais do país. Neste sentido, participarán diferentes profesores e investigadores de Galicia e tamén doutras institucións europeas

(Alicante, Barcelona, Braga, Cork, Dinamarca, Kiel, Madrid, París, Perpignan, Perugia, Polonia, Porto, Salamanca, Varsovia...) e (hispano)-americanas (Bahia, La Plata, Princeton, São Paulo). Contaremos tamén coa presenza dalgúns dos nosos escritores máis recoñecidos, como Domingo Villar ou os poetas do Grupo Bilbao,

entre eles Vicente Araguas, que participará, xunto cos directores, na inauguración das Xornadas, nun recital poético e na presentación dunha escolma literaria publicada pola editorial Lastura. A conferencia plenaria da UCM virá da man de Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega.

**XORNADAS INTERNACIONAIS DE LITERATURA GALEGA**  
UCM | UNED  
18-20 SETEMBRO 2014 MADRID  
Alumnos UCM  
1,5 créditos de grao  
2 créditos libre elección

<http://cegmadrid.wix.com/simposioucm-uned2014>

CEG CENTRO DE ESTUDIOS GALEGOS  
UNIVERSIDAD COMPLUTENSE MADRID  
XUNTA DE GALICIA  
UNED Facultad de Filología  
LASTURA